

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROXECTOS EUROPEOS, MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA, ADMINISTRATIVA E AXENDA DIXITAL

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e un de xuño do ano dous mil vinte e catro, asistiron os sres./as. deputados/as seguintes:

Dona Belén Cachafeiro Anta
Don Javier Tourís Mougán, en substitución de Don Roberto José Álvarez Carrero
Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Dona María Nava Castro Domínguez
Don Jesús Vázquez Almuiña
Dona Ana Laura Iglesias González
Don Javier Iglesias Mougán, en substitución de Don Carlos Gómez Prado
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Beatriz Lomba Rodríguez
Dona María Ortega Iñarrea

Actuou como presidenta da Comisión Informativa Dona Belén Cachafeiro Anta, actuando como secretario Don Manuel Cuadrado Romay, en substitución de Don Luis Feijoo García.

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1. Aprobación do borrador da acta da reunión ordinaria do 21 de maio de 2024 (Exp. n. 2023057882).

Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión, ordinaria, do día vinte e un de maio de dous mil vinte e catro.

2. Dar conta da Resolución Presidencial nº RP2024004437, do 30 de maio de 2024, pola que se ordena a entrega de equipamento e infraestruturas aos concellos adheridos ao Convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de



Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, para desenvolver as actuacións destinadas á transformación dixital e modernización das entidades locais incluídas nas liñas estratéxicas da Orde Ter/836/2022, Compoñente 11, Investimento 3, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dentro do proxecto "provisión de equipamentos e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo dos concellos", liña 4, financiado por Fondos NextgenerationEU. (**Expte. nº 2023059145**).

A Comisión informativa queda enterada desde punto.

3. Dar conta da aprobación da aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Baiona, para a súa adhesión ao acordo marco para a contratación dun sistema de impresión e dixitalización, con vixencia ata o 5 de xuño de 2026 (**Expte. nº 2022017033**).

A Comisión informativa queda enterada tamén desde punto.

4. Dar conta da presentación do proxecto, con data 31 de maio de 2024, TESUE-Influencia das condicións ambientais en plantacións de té no sur de Europa, no ámbito da convocatoria Interreg Sudoe 2021-2027 2ª convocatoria – 1ª Fase (**Expte. nº 2024036511**).

A Comisión informativa tamén queda enterada tamén desde punto.

5. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e doce minutos, do que, como secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº. e PR. A PRESIDENTA

